

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS/AS NO CONCELLO DE CORTEGADA DURANTE OS ANOS 2021 e 2022.**

O artigo 39 da Constitución Española establece como un dos principios reitores da política social a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantirles o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece, no seu artigo 6, como principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia, o apoio e a protección da familia como medio de transmisión da vida e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento persoal; recoñece, como un dos principios de responsabilidade pública, o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

A lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, recolle no seu artigo 12. Criterios de actuacións das Administracións Locais, no seu apartado b) en castelán:

*“En atención al carácter sistémico de las políticas públicas en materia demográfica, las administraciones locales de Galicia, en el ejercicio de sus competencias, se regirán por los siguientes criterios:*

*b) La colaboración y cooperación con la Administración autonómica en el diseño e implementación de las políticas de impulso demográfico.”*

É unha realidade a existencia dun continuado decrecemento da poboación desde fai anos, que obriga aos poderes públicos a actuar tomando medidas que dalgún xeito contribúan a fixar poboación.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello Cortegada convoca as axudas destinadas a fomentar a natalidade no Concello.

### **PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE**

É obxecto destas bases regular as condicións e réxime xurídico para a concesión de



subvencións por nacemento de fillos/as, adopción e acollemento no concello de Cortegada.

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar e contribuír a atender o custo aparelado á crianza co obxecto de impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando así o despoboamento do rural.

## **SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA DA AXUDA.**

A axuda que se concede terá carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

As axudas que se outorguen conforme a este regulamento teñen a natureza de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, conforme ao establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A través do procedemento regulado nestas Bases, o Concello de Cortegada (Ourense) concederá subvencións polo nacemento ou adopción dun neno/a durante os anos 2021 e 2022, sempre que os beneficiarios cumpran os requisitos desta norma.

O aboamento da citada cantidade efectuarase nun pagamento único cando se resolva favorablemente a súa solicitude.

## **TERCEIRA.- CONTÍA DA SUBVENCIÓN.**

A contía da axuda será de 300,00 € por cada neno ou nena nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a nos anos 2021 ou 2022.

Para a consecución desta finalidade, o Concello de Cortegada (Ourense) dotou crédito polo importe de 1.800,00 € na aplicación orzamentaria 23.480 do seu orzamento para o ano 2023.

No suposto de que unha vez efectuada a concesión das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (1.800,00 €), estudarase a posibilidade de incrementar o crédito ou, de existir dispoñible na bolsa de vinculación xurídica, utilizarase ese.

## **CUARTA.- BENEFICIARIOS**

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases:

1. Os proxenitores, xa sexan casados, solteiros, parellas de feito ou familias monoparentais; que tivesen descendencia nos anos 2021 ou 2022 (desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2022) sempre que cumpran os demais requisitos esixidos



para o seu recoñecemento. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.

2. Os adoptantes ou acolletores de nenos de ata 3 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2021 ou 2022, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

3. Titores/as dun/dunha menor de ata 3 anos, sempre que a constitución da tutela se faga entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2022.

Se os solicitantes fosen estranxeiros, poderán solicitar a axuda os que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

#### **QUINTA.- REQUISITOS PARA OBTER A SUBVENCIÓN**

1. Será requisito imprescindible que o/a solicitante beneficiario (como mínimo) figure empadroado no Concello de Cortegada (Ourense) no momento da presentación da solicitude da axuda.

O/A menor que causa dereito á axuda debe figurar igualmente empadroado no Concello de Cortegada (Ourense) no momento da presentación da solicitude e debe convivir co/a solicitante da axuda.

2. Que o nacemento fose inscrito no Rexistro Civil de Cortegada.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

- Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que as persoas beneficiaria se comprometan, mediante documento asinado para o efecto a continuar empadroadas no municipio durante polo menos un ano posterior á concesión da solicitude de axuda. Este requisito será comprobado de oficio polo órgano instrutor do procedemento e o seu incumprimento dará lugar ao reintegro da axuda percibida.

- Os beneficiarios están obrigados a comunicarlle ao Concello calquera circunstancia que modifique as condicións para a obtención da subvención e a reintegrar a contía concedida cando se incumpra o compromiso adquirido pola súa obtención.

- O/A solicitante beneficiario/a deberá acharse ao corrente nas obrigas tributarias con Facenda do Estado, da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social.

- Tódolos membros da unidade familiar deben estar o corrente nas obrigas tributarias co Concello de Cortegada (Ourense), cuestión esta última que será comprobada de oficio.



Entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, xunto con:

1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/da pai/nai, vivan de xeito independente.

2º. As fillas e os fillos maiores de idade con medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade.

3º. As fillas e os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos.

No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva co menor, agás nos casos de custodia compartida.

- No caso de que a persoa solicitante sexa estranxeira, terá que cumprir, ademais, o establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España e a súa integración social.
- Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Así mesmo, as persoas beneficiarias obríganse a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes.

## **SÉTIMA. SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

O prazo de presentación de solicitudes será de **UN MES** contado a partir do día seguinte ao da data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude e a documentación presentarase nas oficinas municipais, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén se poderá presentar a través da sede electrónica.

2. As solicitudes e a documentación presentaranse nas oficinas municipais, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas, podendo consultarse as bases completas na web municipal ([www.cortegada.es](http://www.cortegada.es)).

O impreso de solicitude (Anexo I) poderá obterse nas oficinas do Concello de Cortegada (Ourense) ou na páxina web municipal ([www.cortegada.es](http://www.cortegada.es)).



A solicitude de subvención irá subscrita por ambos os dous proxenitores (ou por un no caso de familias monoparentais, ou no caso de separacións, divorcio debidamente acreditados), acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
2. Copia do libro ou libros de familia en que consten a/o filla/o da persoa solicitante nada/o nos anos 2021 ou 2022 ou, certificación de nacemento do rexistro civil
3. Nos supostos de adopción ou acollemento, ou tutoría legal do menor, documentación acreditativa.
4. No seu caso, sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador das relacións paterno filiais.
5. Certificación de que o solicitante/beneficiario se atopa ao corrente coas obrigas tributarias (Estatais e autonómicas) e coa Seguridade Social.
6. Facturas xustificativas que cumpran os requisitos do Real Decreto Lexislativo 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación. As facturas deberán cubrir como mínimo o importe da axuda (300,00 €) e nas mesmas deberá constar que se atopan pagadas ou ben acreditarse o pago mediante xustificante bancario ou certificación do proveedor.  
Considéranse gastos subvencionables: gastos en produtos alimentarios, hixiénicos, de saúde, textil ou puericultura que cumpran os seguintes requisitos:  
-Que sexan realizados en data posterior á do nacemento ou adopción do neno/a que motiva a subvención e sempre dentro do prazo máximo de subvención.  
Non serán subvencionables os gastos subvencionados ao abeiro das Bases Reguladoras da convocatoria de axudas por nacemento ou adopción de fillos no Concello de Cortegada, durante os exercicios 2020 e 2021.  
- Que a factura conste a nome da persoa beneficiaria da subvención.
7. Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
8. Compromiso dos beneficiarios da axuda e do nado/a de permanecer empadroados no municipio durante polo menos un ano posterior á presentación da solicitude de axuda. (Anexo I)
- 9 . Declaración xurada de que o beneficiario reside no Concello de Cortegada (Anexo I)
10. Comprobarase de oficio que tódolos membros da unidade familiar se atopan ao corrente coa facenda local, así como a situación da unidade familiar en relación co padrón municipal.

Os servizos administrativos do Concello incorporarán de oficio, durante a instrución do expediente, o certificado de empadramento dos beneficiarios segundo os requisitos especificados anteriormente que inclúa ao nado, adoptado ou acollido.

## **OITAVA.- EXAME DAS SOLICITUDES E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

Unha vez revisadas as solicitudes, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación solicitada polo Concello, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de



que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A instrución do procedemento correspóndelle ao Concello de Cortegada (Ourense), quen realizará de oficio tantas actuacións estime pertinentes para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos.

#### **NOVENA.- RESOLUCIÓN**

Os expedientes serán resoltos pola Alcaldía no prazo máximo de UN MES, dende o día seguinte á data de presentación da solicitude.

#### **DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- REINTEGRO E SANCIÓN.**

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

No suposto de que se declare a procedencia do reintegro considerarase como cantidade recibida a reintegrar, un importe equivalente ao prezo de adquisición do ben entregado xunto cos correspondentes xuros de demora.

As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos no título IV da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- CONTROL.**

O Concello de Cortegada (Ourense) poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.





Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención do concello de Cortegada, nos termos que establecen o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento municipal e o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- RECURSOS.**

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución porán fin á vía administrativa e contra estas poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### **DÉCIMO CUARTA. RESPONSABILIDADES**

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, á devolución desta cos xuros legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

#### **DÉCIMO QUINTA. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos de carácter persoal aportados polos aspirantes serán tratados polo Concello de Cortegada (Ourense) como responsable do tratamento, coa finalidade de xestión da solicitude, concesión e seguimento e control da subvención. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A base de lexitimación para o tratamento é o exercicio das competencias conferidas ó Concello e no cumprimento de obrigacións legais polo Concello. Os datos de carácter persoal non serán comunicados a terceiros salvo no caso de organismos competentes no control e fiscalización da xestión económico-financiera e presupuestaria do Concello. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron recollidos e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos, e como mínimo durante o prazo de prescrición do dereito da Administración para o reintegro das subvencións (catro anos), de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Cortegada, en Rúa Otero Novas, 2 - 32200 Cortegada (Ourense). Email:



[dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com).

Así mesmo, o interesado ten dereito a presentar unha reclamación relativa o tratamento de datos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello de Cortegada, no correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com), ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan, 6, 28001- Madrid o en la dirección de correo electrónico [dpd@aepd.es](mailto:dpd@aepd.es).

## **DISPOSICIÓN FINAL.**

Para o non previsto nesta bases estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.”

En Cortegada (Ourense), coa sinatura e na data reflectida ao marxe

O Alcalde

Asdo: Avelino Luis De Francisco Martínez

